

## **HAI RAZÓNS ABONDO: NON Á RENOVACIÓN DAS AAI A ENCE E ELNOSA!**

Cando no 2008 o goberno bipartito da Xunta concedía as Autorizacións Ambientais Integradas (AAI) a ENCE e a ELNOSA, na APDR denunciámos as concesións por entendela irregulars e ilegais. Falabamos daquela de que esta decisión supuña consolidar o complexo cando menos ata o 2011. Pasados 3 anos, as previsións cumpríronse, e todo indica que a Xunta vai conceder a renovación das AAI a ámbalas dúas empresas consolidando así a súa ilegalidade.

A AAI de ENCE é ilegal porque permite vertidos de DBO, DQO, SS e Fósforo superiores aos permitidos pola lexislación; ademais (como a de ELNOSA) permítelle verter mercurio á Ría, algo que a Lei de Augas de Galicia prohibe agás nos casos nos que ese metal pesado proveña das materias primas utilizadas no proceso, situación que non se dá no caso de ENCE e ELNOSA.

Na APDR esiximos que se cumpra a lei, que se abra un proceso que contemple un período de exposición pública que permita á cidadanía realizar alegacións, e se esixan os informes urbanísticos do Concello de Pontevedra; e esiximos tamén que -de continuar os incumprimentos- se deneguen as renovacións.

As direccións empresarial e sindical de ENCE e ELNOSA aproveitan a situación de crise para tentar a permanencia do complexo en Lourizán mais alá do 2018; na APDR non somos alleos a esta situación nin á perda de postos de traballo na comarca pero non podemos aceptar esta chantaxe; non podemos esquecer que ENCE e ELNOSA, lonxe de ser a solución, son parte do problema ao impedir a creación de milleiros de postos de traballo derivados da explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos.

Estamos pola recuperación da Ría, non buscamos un lugar alternativo para o complexo. E non falamos de traslado porque sería trasladar o problema e o que non queremos en Lourizán non o queremos nin en Marcón nin en ningures.

Somos coñecedores dos prexuízos causados polas dúas empresas co seu incumprimento reiterado da lexislación ambiental e non estamos dispostos a deixar que as administracións continúen actuando en función dos seus intereses. A nova Marcha contra Celulosas será a demostración de que non imos aceptar solucións que non pasen polo peche da factoría.

**PORQUE A RECUPERACIÓN DA RÍA, DA SAÚDE E DOS POSTOS DE TRABALLO NON  
PODE AGARDAR MÁIS: CELULOSAS-ELNOSA FÓRA DA RÍA XA !!!**

**SÁBADO 11 DE XUÑO  
MARCHA CONTRA CELULOSAS**

**SAÍDA ÁS 19:30 DAS ALAMEDAS DE MARÍN E PONTEVEDRA  
AO REMATE: POLBADA NA PRAZA DA PEDREIRA**